

Idear e deseñar un medio ou unha práctica comunicativa comunitaria ou alternativa

- 1.- Necesidade/s que tentamos solventar. Melloras que conseguir.
- 2.- Contexto/s e continxencias da que se parte. Detallar factores e actores: grupos implicados e/ou estimación de como implicar.
- 3.- Posicionamento/s ou causas que se asumen. Definición de medio ou práctica.
- 4.- Sostenibilidade: formas de mantemento e fases. Campañas e formas de recadación.
- 5.- Formas de acceso. Detallar.
- 6.- Formas de participación e de consecución do consenso.
- 7.- Soportes e tecnoloxías. Posibilidades de migración ou multisoporte. Coberturas ou escadas.
- 8.- Formas de difusión prevista e de exemplificación dos Recoñecementos.
- 9.- Equipo: competencias e capacidades (formas de aprendizaxe a establecer). Recursos necesarios. Asociacionismo e Redes do medio ou da práctica.
- 10.- Mediación, Activismo e/ou Xornalismo. Detallar modelos expresivos básicos, de procedementos para a adquisición de información e de actuación nos encontros posibles. Itinerarios recomendables por seguir.

- Ter en conta:

a) experiencias intuídas e vividas ou previamente analizadas; b) posibilidade de consulta a mediadores comunitarios e alternativos; c) revisión de modelos por fontes escritas ou en rede; d) posibilidade de creatividade social e de contidos ou proxectos colectivos; e) pretensións: solventar cadros de vida, construción de cidadanía, desenvolvemento comunitario ou adquisición de bens comúns?

Tarefa:

- A realización do deseño é de reflexión individual, notas previas, e de consenso e contraste grupal. Poden ter en conta a experiencia obtida ou dirixir o planeamento, se é da súa consideración, a grupos e asociacións coas que traballan no proT ou no TS.
- Producir, de xeito esquemático pero fundamentado, argumentado e claro un cadro de non máis de dúas páxinas atendendo ó decálogo de accións.
- Contrastar con compañeiros. Comparar e mellorar. Escoller entre o grupo un deseño e implementar entre todos. Preparar para exposición e debate na aula.
- Entregar esquema (só) após de semana santa ao correo. Indicar participantes ó principio do texto. Posibilidade aberta de uso nos post.